



CFR
A CORUÑA

centro de formación e recursos

BOletín

XUÑO 2020




La escuela no es un parque de atracciones

Una defensa del conocimiento poderoso

Luri Medrano, Gregorio

Barcelona: Ariel, 2020

ISBN: 978-84-344-3183-6 • 412 páxs.



BOletín
XUÑO 2020



centro de
formación e recursos



Un título tan suxectivo e directo como “La escuela no es un parque de atracciones”, dános pistas do que nos imos a atopar durante a lectura deste libro. O autor, docente con ampla experiencia en temas de pedagogía, filosofía e política reflexiona ao longo de todo o libro sobre cuestións relacionadas co coñecemento e a escola. Reivindica a necesidade do coñecemento en tempos nos que Google parece resolvelo todo e subliña a importancia de que é a escola o lugar no que se dá o descubrimento do grande, do realmente valioso.

Gregorio Luri fálanos da necesidade que temos como docentes de restaurar a dignidade do coñecemento. Ademais, subliña que a escola ten a obriga de compensar as desigualdades sociais, e neste sentido afirma que os desfavorecidos son merecentes dunha escola ambiciosa con bos profesionais do ensino, que non aspire só a entretelos.

O libro pasa revista a moitos conceptos clave en educación nestes últimos anos, e a moitas das novas pedagogías que decote se introducen nas aulas co criterio de que hai que renovar a escola e adaptala aos novos

tempos. Luri con datos estatísticos contrastados de informes PISA e outras fontes fiables desmonta o incerto beneficio destas receitas pedagóxicas supostamente tan proveitosas nas aulas. Por este motivo é preciso avaliar a escola con criterios obxectivos que nos permitan deducir xuízos críticos ben fundamentados. O autor manifesta que se debería esixir aos centros educativos que expoñan con claridade cales son as súas metas, en que medio confían para alcanzalas, e cales son os resultados obtidos.

A escola está aí para facilitarlle ao alumnado o acceso ao mellor do noso patrimonio cultural, isto será sen dúbida o mellor legado que pode ofrecer a institución educativa aos seus estudantes. Deste xeito, reivindica a importancia do humanismo, da educación liberal e da transmisión. E nesta cadea de transmisión de coñecemento a figura clave sempre será a do mestre; sen docentes que transfiran saberes significativos o sistema educativo atoparíase nunha situación lamentable.

Neste ensaio tamén se pon en dúbida a mala prensa que na actualidade teñen conceptos como a atención, a memoria, o esforzo, e a disciplina.

Conceptos que o autor considera claves e necesarios para que se alcancen coñecementos valiosos. Asemade, critica que as escolas renuncien a realizar exames como mostra dunha vontade innovadora xa que isto supón, segundo o autor, ignorar o funcionamento da aprendizaxe.

Comparto moitas das apreciacións expresadas neste libro e moi en concreto a que di que todo profesor é un profesor de lingua. O mellor xeito de garantir a competencia lectora a medio prazo, é fomentar a competencia oral o antes posible. Lectura, escritura e fala unidas. Porque sen esta competencia lectora todo o edificio da aprendizaxe esborrálase.

Tamén coincido co autor en que as escolas naceron para axudarnos a adquirir coñecementos valiosos. Simplificar os elementos do coñecemento é empobrecer o pensamento e menosprezar as institucións educativas. De xeito un tanto controvertido e provocativo, Luri conclúe que o coñecemento require a súa ecoloxía pero esta non se atopa nun parque de atraccións.



Javier Pintor
Asesoría lingüística e social

Técnicas Freinet da escola moderna

Freinet, Celestin

Pontevedra: Kalandraka, 2019

ISBN: 978-84-8464-492-7 • 240 páxs.

Celestine Freinet foi un mestre e pedagogo francés, creador das técnicas que levan o seu nome, utilizadas en diversos métodos de investigación pedagóxica.

“As técnicas Freinet da escola moderna” é un texto que o autor escribiu en 1964 para os ensinantes franceses de educación básica. Ao longo do seu escrito, Freinet non quixo deseñar un método de autor, cerrado e concluído, por iso nunca falou do método Freinet e preferiu salientar o concepto de técnicas, abertas e dinámicas, ligadas á modernización dos instrumentos e recursos da época.

A pedagogía Freinet fórmase como unha pedagogía centrada no educando para contribuír a desenvolver o potencial de vida de cada un deles, partindo da tendencia natural das crianzas á acción, a expresarse, a crear e a exteriorizarse.

Os supostos “freinetianos” atenden a factores como a conexión entre as aprendizaxes escolares e as actividades vitais dos nenos,

a fin de percibir a súa utilidade e sentido; a apertura dos centros aos seus contextos sociais, e culturas máis cercanas, e a organización cooperativa, a asunción por parte do propio alumnado na xestión das actividades.

Este desenvolvemento pedagóxico implica un cambio de paradigma na ensinanza, unha modificación das prácticas educativas, e unha transformación de espazos que permitan acompañar estes cambios metodolóxicos.

Este texto é un reflexo na que a escola é un espazo de vida, de formación, de traballo, xogo e ledicia, onde a creación, a expresión libre e a comunicación mestúranse coa investigación e a experimentación, converténdose nos piares da educación.



BOletín
XUÑO 2020



centro de
formación e recursos



Sabela Fernández Trelles
Asesora infantil e primaria

¿Cómo aprendemos?

Ruiz Martín, Héctor

Barcelona: Graó, 2020 • ISBN: 978-84-18058-05-9 • 326 páxs.

A pregunta que necesariamente debería xurdir cando queremos que alguén aprenda dá título a esta obra. Como aprendemos? Atopamos a resposta desde unha aproximación científica á aprendizaxe e á ensinanza.

O autor, Héctor Ruiz Martín, é licenciado en Bioloxía e Máster en Xenética evolutiva. Actualmente dirixe a International Science Teaching Foundation. Está especialmente interesado en investigar sobre a memoria e a aprendizaxe en contextos escolares. Ten unha carreira docente tanto na Educación Secundaria como na Universidade de Barcelona,

e lidera importantes proxectos de investigación.

Nesta obra profundízase nos procesos cognitivos implicados na aprendizaxe, con especial fincapé na memoria e a análise dos parámetros que definen a aprendizaxe profunda. Nun segundo bloque se valoran os factores socio-emocionais que favorecen que o alumnado aprenda mellor sobre as emocións, a motivación ou as crenzas. Posteriormente fai referencia á propia autorregulación da aprendizaxe tan perseguida por todos os docentes. Finaliza o libro con achegas sobre como planificar a acción


educativa para que esta teña maior éxito e cuestiona algúns dos máis frecuentes mitos pseudocientíficos que orbitan ao redor da aprendizaxe.

O libro resulta tremendamente útil para os docentes. Achega unha explicación do proceso de aprendizaxe desde a claridade expositiva, a rigorosidade científica, e a reflexión sobre as decisións educativas que os estudos avalan. E, o que é máis relevante, invita a modificar prácticas para conseguir o obxectivo de que o noso alumnado aprenda mellor.



BOletín
XUÑO 2020

 **CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Marta Dopico Vázquez
Organización escolar e atención á diversidade


La sabiduría de lo incierto

Lectura y condición humana

Mèlich, Joan-Carles

Barcelona: Tusquets, 2019

ISBN: 978-84-9066-744-6 • 432 páxs.



Joan Carles Mèlich é doutor en filosofía e letras na Universidade Autònoma de Barcelona, e profesor de Filosofía da Educación nesta mesma Universidade. Un dos seus temas de investigación é o que se centra na dimensión ética da educación baseada na relación íntima, próxima que se establece entre docente e discípulo. Esta idea impregna moitos dos argumentos que aparecen recollidos en *La sabiduría de lo incierto*, un libro que podería definirse como unha filosofía da lectura na que se nos interroga sobre que significa que o ser humano sexa un ser lector.

O autor comenta que todos os seres humanos herdamos unha biblioteca ao nacer, unha biblioteca de textos e lecturas previos que forman parte de nós, que están inscritos na nosa pel e son os que nos dan a posibilidade para coñecer mellor o mundo. Deste xeito, o autor realiza diferentes aproximacións cara ao acto de ler nas que define a lectura como forma de habitar o mundo e de atravesar a vivir unha vida que nos deixará cicatrices, porque ler é arriscarse, inquietarse e iniciar unha viaxe que nunca sabemos a onde nos conduce.

Mèlich dedica moitas páxinas á relación da lectura coa educación. Tamén

analiza o significado do termo ler e as súas diferentes acepcións ao longo da historia ata situarse na actualidade dixital que nos envolve. O autor defende a idea de que non se pode vivir sen lectura porque ler é como respirar. Neste sentido subliñase que a lectura supón sempre unha transformación do individuo que o sitúa case sempre nun territorio de incerteza que el define como “sabedoría do incerto”.

Nós como docentes debemos asumir o reto de xestionar as inseguridades que moitas lecturas provocan no noso alumnado, porque é aí onde seremos quen de estimular a imaxinación e provocar aprendizaxes. Por isto ler é perigoso porque canto máis lemos máis dúbidas temos, máis interrogantes se nos formulan e máis desexo de coñecer o mundo abrolla en nós.

Entre todos os capítulos interesantísimos deste libro destacaríase o titulado “La huella de los profesores”. Neste capítulo fálanos da fértil relación entre libros e escola, e do papel do profesorado, cada vez menos valorado na sociedade actual. Nestas páxinas destácase aos docentes que nestes mundos virtuais, de pantallas e redes turbias de información, atrévense a educar dende os libros entendidos estes como instrumentos de lectura e

aprendizaxe, obxectos con “alma”. O bo profesor é aquel que ensina a vivir na aula e na vida. Define os auténticos docentes como aqueles que cren no que fan, e que habitan a súas clases. Como esas persoas que saben o que queren dicir pero non o que vai suceder porque o máis importante nunha clase non é o que se di senón o que acontece.

E como só se pode ensinar a ler lendo, en toda a obra pódense atopar referencias filosóficas, literarias, plásticas e cinematográficas, principalmente de libros e cadros que o autor considera venerables. Estas referencias non son senón lúcidas reflexións e comentarios reveladores de obras destacadas da nosa tradición artístico-cultural, que o autor introduce para asentar algunhas das teses defendidas ao longo deste libro.

Atopámonos ante un libro de lectura lenta, pausada, amena, reveladora que reflexiona sobre a necesidade dunha ética da lectura que nos oriente a contemplar o mundo cunha ollada curiosa, inqueda e atenta. Porque sen lectura non haberá pensamento nin coñecemento.



BOLetín
XUÑO 2020

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Javier Pintor
Asesoría lingüística e social

Historia del arte en cómics.

El mundo clásico

Cifuentes, Pedro

Madrid: Desperta Ferro Ediciones, 2019

ISBN: 978-84-949540-6-1 • 96 páxs.

Historia del arte en cómics.

La Edad Media

Cifuentes, Pedro

Madrid: Desperta Ferro Ediciones, 2019

ISBN: 978-84-120798-3-8 • 96 páxs.

Se pretendes captar a atención do alumnado buscando esperar o seu interese pola historia da arte, e aínda non sabes moi ben como facelo, sen dúbida esta é a túa colección.

Cómic, historia e arte mestúranse maxistralmente para adentrar ao lector nunha apaixonante viaxe polo pasado. Pero nesta viaxe non

camiñará só senón que irá da man dunha cuadrilla de “trotamundos” un tanto especial que, pulando de páxina en páxina, acompañaran ao longo de todo o percorrido e farano partícipe da súa propia aventura: un “profe” moi peculiar (no que o propio autor se retrata) e un grupo de alumnos tan arquetípicos que moitos mesmo poderían recoñecerse neles.

Xuntos perderanse polo pasado visitando importantes lugares, coñecendo famosos monumentos e, como non podía ser doutro xeito, tropezando con persoeiros ilustres que os axudarán a entender e comprender as distintas etapas da historia. Así, quen se achegue a esta obra mergullarase nos avatares do camiño, convivirá cos seus personaxes e, case

imperceptiblemente, acabará familiarizándose co contexto, a cultura, a forma de vida de cada momento... e mesmo coa terminoloxía utilizada tanto polos ilustres cicerones, que aparecen e desaparecen entre as súas follas, como por este atípico profesor que trata de explicar o papel e o significado da arte ao seu variado e falcatrueiro grupo de adolescentes.

Detrás deste traballo está Pedro Cifuentes, un docente

que reivindica o cómic como ferramenta educativa e que une aquí as súas grandes vocacións –o deseño e a educación– para presentar os contidos histórico-artísticos dun xeito alternativo, máis visual, acorde coa linguaxe dos rapaces e rapazas de secundaria e, desde logo, moito máis divertido.


Sen perder de vista o rigor nos contidos, esta ollada diferente resulta tremendamente útil

para que o noso alumnado máis novo se achegue dun xeito lúdico á historia da arte, esa parte do currículo á que, desafortunadamente, cada vez se lle está dedicando menos tempo e que, pola contra, ofrece enormes posibilidades de desenvolvemento creativo.

Trasladarse ao pasado

coa visión do presente permite dar saltos milenarios entre viñetas que serven para comparar, relacionar, concienciar, introducir novos personaxes e establecer paralelismos a diferentes niveis, buscando a complicidade tanto do lector máis experto como a do principiante. A idea é desfrutar tanto da historia como da arte e, quen sabe, entre viñeta e viñeta, mesmo esperar o interese dos rapaces e rapazas de secundaria pola nosa benquerida Historia da Arte, agora si, en maiúsculas.

Co mundo clásico (2019) arrincou a colección Historia da arte en cómic. A segunda entrega, dedicada a Idade Media, acaba de chegar ás librerías para poder seguir gozando das aventuras deste grupo de viaxeiros tan particular.



BOletín
XUÑO 2020

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



M.^a de Belén Cotón Méndez
Asesoría lingüística e social

Entretenimiento científico para lo que queda de cuarentena

Enderezo: <https://www.agenciasinc.es/Reportajes/Entretenimiento-cientifico-para-lo-que-queda-de-cuarentena>

[Consulta realizada o 21/05/2020]

"Entretenimiento científico para lo que queda de cuarentena" é unha reportaxe da Axencia SINC (acrónimo de Servicio de Información e Noticias Científicas). Nacida no 2008, é a axencia de novas científicas coa que a FECYT (acrónimo de Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología) dá a coñecer os últimos desenvolvementos da ciencia máis relevante, con especial énfase sobre os traballos españois.

No caso que nos ocupa, fornecen dunha serie de experimentos, retos, aventuras... científicas para poder levar a cabo dende fogar co gallo de poder divertirse na casa fa-

cendo ciencia empregando os recursos que temos a man, ou que son doados de conseguir.

A escolma de propostas: polinización, insectos, botánica, fauna mariña, experimentos, astronomía... está recollida dende sitios auspiciados polo CSIC.

Este proxecto vai máis aló da proposta de actividades científicas xa que fomenta a creatividade, promove o espírito crítico, inclúe as familias, insiste na educación en valores e propicia que o alumnado cuestione o mundo no que vivimos.



BOletín
XUÑO 2020

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Óscar Domínguez Pérez
Asesoría científico e tecnolóxico

sinc SOCIEDAD

Ciencias | Salud | Tierra | Tecnología | Innovación | Sociedad | Opinión | Agenda | Visual

Entretenimiento científico para lo que queda de cuarentena

"Papá, me aburro". "Mamá, ¿qué hago?" son algunas de las frases más escuchadas por padres y madres durante el confinamiento. Proponemos actividades relacionadas con la ciencia con las que divertirse en casa.

María Martín 19/03/2020 08:26 CEST



Instituciones y empresas han lanzado propuestas de actividades sobre ciencia para hacer con niños y niñas en casa. / iStockphoto

Desde que se anunció el cierre de los escuelas y, unos días más tarde, las medidas de confinamiento, los grupos de WhatsApp de familias de escuelas del "50" actividades para hacer en casa con niños. La idea es que se diviertan con experimentos científicos adaptados a su edad, así como encontrar propuestas que les ayuden a jugar más tiempo en el salón de casa o a compartir con el colegio, con un sentido de jugar y leer o jugar al brigo con figuras geométricas.

Conviértete en un insecto

Aproximando que los niños saben utilizar los aparatos como el Bresser con ellos el mismo tiempo que los adultos, una adaptación de [Jardín Botánico de Madrid](#), llamado **Poliniza**, les ayudará durante un rato a un experimento científico sobre los insectos. Tarea y familia.

En este juego, el niño se convierte en un insecto polinizador cuyo objetivo es conseguir alimento (polen y néctar) y generar puntos (familia) en diferentes escenarios de juego. Además, tiene que salvarse de diferentes amenazas, que pueden ocasionar la pérdida de su vida o la final del juego. Así, aprendiendo todo sobre el proceso de polinización de las flores en la naturaleza.

La mejor especie de los últimos 5.000 años

La mejor especie de los últimos 5.000 años ocurrió en el mundo. ¿Cuál?

¿Superpoderes en esta pandemia podría ser una buena idea?

¿Adónde los poderes PCR que se utilizan para detectar el coronavirus?

¿El coronavirus es un virus?

Radiografías de tórax para detectar la COVID-19

La prueba y el diagnóstico fueron perfectos aliados en el inicio de la pandemia de la COVID-19.

¿Qué son las curvas principales y secundarias del nuevo coronavirus?

El ADN de los Marismeros del Mar Muerto desvela algunos de sus secretos.

La prueba de la PCR y el diagnóstico de la COVID-19.

Hay una medida en mi tablero

La **creatividad de las medidas** en los últimos días ha generado mucha alarma en los baristas, especialmente en los más pequeños que saben poco sobre estos pequeños problemas. Por eso, les proponemos este juego de mesa para aprender a ellos y conocer mejor los usos del juego de palabras a la vez que tener una función clave en el funcionamiento de las economías marítimas.


El juego de mesa para niños con imágenes y explicaciones de las miles de especies que hay en los océanos. Solo tienen que leer las instrucciones y descubrir el juego, y las preguntas, con vector para niños y adultos.

Conoce el mar desde casa

El Instituto de Ciencias del Mar del CSIC lanza "El Océano en casa". Una iniciativa en línea para conocer los organismos más desconocidos del océano o comprender los procesos que rigen su vida, entre otras actividades. Con recursos especialmente preparados para un público infantil, permiten actividades como concursos, experimentos y enigmas. Además, cada semana habrá la posibilidad de sumarse a actividades en directo.

Resuelve un misterio asesino

Con la aplicación **Poliniza**, los niños se transforman en otro ecosistema y aprenden sobre el proceso de polinización.



Profes rebeldes

El reto de educar a partir de la realidad de los jóvenes
Olivé, Cristian

Barcelona: Grijalbo, 2020 • ISBN: 978-84-253-5918-7 • 209 páxs.

Cristian Olivé estudou filoloxía catalana na Universidade de Barcelona. Actualmente é profesor de secundaria de Lingua e Literatura e imparte clases na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona.

O libro “Profesores Rebeldes” defende unha metodoloxía baseada na realidade e intereses do alumnado. Este alumnado ten de converterse no núcleo da aprendizaxe de seu, e debe estar relacionado cos intereses reais, e coas potencialidades a desenvolver.

O autor achega os contidos de Lingua e Literatura coas vivencias e

inquietudes propias dos adolescentes. Utiliza un acontecemento actual como é a multitudinaria manifestación feminista do 8 de marzo para traballar contidos como a batería de figuras literarias que aparecían nos carteis e pancartas ese día.


Utiliza a linguaxe dos adolescentes para motivar o alumnado na lectura dos grandes clásicos, para iso busca similitudes na vida de Ana Karénina, coa ansia de buscar vidas mellores a través dos “likes” no Instagram, a viaxe de Ulises para chegar a Ítaca é a “odisea” que viven os migrantes

cando fuxen do seu país en patera...

O obxectivo do autor é romper cunha forma de educar centrada na asimilación de conceptos, e enfocado cara o mundo laboral. Olivé quiere dirixirse a unha educación en valores tendo en conta a plenitude do desenvolvemento, da persoa para espertar o seu espírito crítico e para que sexa feliz.

Unha frase resume a cerna do libro “Estamos educando mozos do século XXI con profesorado do século XX, e nas aulas do século XXI.





Vitamina N

Guía esencial para unha vida rica en natureza

Louv, Richard

Pontevedra: Kalandraka, Colección Vitamina N, 2019 • ISBN: 978-84-16721-50-4 • 312 páxs.

A preocupación polos temas que afectan ao medio ambiente está, por fortuna, cada vez máis presente na sociedade. Algunhas editoriais son conscientes disto e comezan a publicar coleccións de libros que atenden aspectos relacionados coa natureza dende distintos ámbitos. A editorial Kalandraka sumouse a esta iniciativa coa publicación da colección Vitamina N, dirixida con man sabia por Antonio Sandoval.

O autor do libro que imos comentar, Richard Louv é un escritor e xornalista con ampla traxectoria no mundo literario e dos medios de comunicación, ademais de ser presidente emérito de Children & Nature Network, un movemento mundial que busca conectar as persoas e a comunidade coa natureza. En *Vitamina N. Guía esencial para unha vida rica en natureza* atoparemos múltiples ideas e recursos en forma de referencias a libros e páxinas web para que familias, grupos de amigos e alumnado co profesorado poidan achegarse á natureza por diferentes vías.

Este libro, co seu amplo catálogo de iniciativas, resulta moi inspirador para que incrementemos de xeito real o noso contacto co medio natural nunha era de trastorno por déficit de natureza. O obxectivo deste libro é amosar pautas, recursos e orientacións para superar

os atrancos que nos impiden levar unha vida máis saudable en contacto coa contorna natural. Entre os beneficios da exposición á natureza cítanse a mellora da socialización, a diminución da violencia social, o estímulo da aprendizaxe e a creatividade e a mellora dos resultados académicos. Tamén se subliñan moitas outras vantaxes para a saúde física e psicolóxica xa que fornece os vínculos entre as persoas.

No ámbito educativo resulta moi estimulante e revelador o capítulo titulado *A escola da natureza* no que se define ao profesor natural como aquel que emprega o poder da natureza como ferramenta para a educación ou como medio para a aprendizaxe en calquera materia. De todos os xeitos, as referencias á escola aparecen espalladas por toda a obra. Nas máis de cincocentas actividades prácticas que se esmiúzan no libro, o lector descubrirá recomendacións e suxestións para aplicar no seu día a día.

A educación baseada na natureza está a estenderse, e este libro é unha guía excelente e motivadora para iniciármolos no coidado e consciencia do medio natural que nos rodea e que, en moitas ocasións, nin vemos.



BOletín
XUÑO 2020



centro de
formación e recursos



Javier Pintor
Asesoría lingüística e social

¡Empieza a Crear!

Una guía para acercar los jóvenes al mundo Maker

Martin, Danielle y Panjwani, Alisha

Secretaría Nacional de Ciencia, Tecnología

e Innovación de la República de Panamá: Marcombo, 2017

ISBN: 978-84-267-2448-9 • 198 páxs.

¡Empieza a Crear! é un programa desenvolvido pola rede internacional de espazos de creación denominada “**Espacio de Creación Network**”, presente en 19 países do mundo. Nos tempos que corren onde as competencias dixitais son importantísimas xa non vale simplemente un uso pasivo, senón que precisamos proxectos como o que están a deseñar e elaborar creativos como os que fomentan as persoas que están detrás dos movementos “**Maker**”.

Na actualidade coa situación creada polo COVID 19 e os novos escenarios de ensino-aprendizaxe, e sobre todo os recentes cambios metodolóxicos que se presentan como básicos nos escenarios

presentes e futuros, precisamos programas e ideas creativas como as que este exemplar nos amosa, no que se destaca a importancia da xestión autónoma da autoafirmación do alumnado como protagonista principal nos seus procesos de aprendizaxe.

Necesitamos a creación de proxectos baseados en intereses propios pero compartidos e en colaboración con outros coas mesmas inquietudes. É un libro que principalmente intenta inspirar os mozos das comunidades a desenvolver ideas creativas, aprender novas capacidades e compartir as creacións propias.



BOletín

XUÑO 2020



centro de
formación e recursos



¡Empieza a Crear!



Una guía para acercar los jóvenes al mundo Maker

Danielle Martin

Editado por Natalie Rusk

Alisha Panjwani

Epilogo de Mitchel Resnick

Marcombo

Emilio J. Veiga Río
Director CFR de Coruña

Code Academy

Enderezo: <https://www.codecademy.com/>

[Consulta realizada o 25/05/2020]

Codecademy é unha plataforma Web que ofrece diversos cursos interactivos, educativos e gratuítos, permitindo ao/a usuario/a aprender paso a paso a codificación en 12 diferentes linguaxes de programación.

Fundada no ano 2011 por Zach Sims e Ryan Bubinski Sims, a interface do sitio é basicamente unha combinación dun editor de texto, no que se crea/edita un código, e unha terminal onde mostra o resultado correspondente trala execución do código.


O enfoque de Codecademy é aprender practicando, dende un navegador, evitando a complexidade inicial de insta-

lación e configuración de contornos.

A introdución destes cursos interactivos no proceso de ensino-aprendizaxe, demostra que son máis eficaces para a comprensión conceptual, así como unha fonte de motivación na aprendizaxe de conceptos complexos, e en continua evolución.

Con obxecto de motivar os usuarios Codecademy ten integrado a gamificación en tódolos cursos que oferta.

Proba do éxito desta ferramenta educativa son os prestixiosos premios acadados como Best Education Startup, Crunchies Awards 2012 e o Skillies



Technology Award 2015. Así como as cifras que alcanzou ao longo desta última década, chegando a ser empregado por 45 millóns de usuarios/as de 179 países.

Actualmente Codecademy ofrece un catálogo de cursos en función do tipo de plataforma ou proxecto a realizar (Deseño Web, Programación, Creación de xogos, Deseño...) e en función do tipo de linguaxe que se quere aprender (HTML&CSS, Python, JavaScript, Java, SQL, Bash/Shell, Ruby, C++, R, PHP, Go e Swift).



BOletín
XUÑO 2020

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Irene Mira Fernández
Asesoría TIC

A editorial Milenio presentou hai uns meses *De la manzana a la pantalla*, primeiro título da colección de ensaio Nandibú Zeta. Este libro ofrécese como un manual para que o alumnado aprenda a relacionarse asumindo os riscos e as oportunidades que nos ofrecen as tecnoloxías dixitais. A través das propias reflexións da autora e dos pensamentos de destacados intelectuais e activistas, este ensaio traça un panorama moi clarificante das relacións sentimentais e amorosas entre as persoas. Nestas páxinas atoparemos ferramentas para entender os nosos desexos, sentimentos e emocións cara outras persoas.

O consta de nove capítulos que abranguen temas tan significativos e de actualidade como a orientación sexual, a identidade de xénero, o racismo, a sedución, a pornografía, a educación sexual e o capitalismo. Ao lon-

De la manzana a la pantalla

Amor, sexo y deseo en la época digital

Roqueta Fernández, Marta

Lleida: Milenio, colección Nandibú Zeta, 2019
ISBN: 978-84-9743-880-3 • 149 páxs.

go destes capítulos se explica como o mundo dixital inflúe en todos estes aspectos.

En todo este ensaio abundan as referencias a series de televisión, de animación, vídeos, libros, publicidade, etc. onde a autora comenta como se presentan as relacións sexuais e como se presentan os roles de xénero. Deste xeito, a análise que se realiza de como se reproduce o amor nas películas de Disney resulta moi esclarecedor para entender o modelo de relacións que estas películas propoñen. Aínda así tamén se destaca que, nalgún filme de Disney, se empezan a ver expresións de xénero e

sexualidade menos axustadas que as das clásicas heroínas e heroes.

O libro argumenta que o mundo tal como se percibe coas súas xerarquías de raza, xénero ou orientación sexual marcou o xeito de crear tecnoloxía. Tamén alerta da pobre educación sexual recibida na escola xa que, en moitos casos, a pornografía é a principal ferramenta que utilizan os menores para se formar. A educación sexual tería de ter unha presenza máis efectiva nas aulas, falar de identidades e prácticas, e estar baseada no propio autocoñecemento

do individuo.

A autora afirma que debemos ser conscientes do enorme impacto que as tecnoloxías teñen no xeito de ver o mundo e de vérmonos para tratar de evitar a súas consecuencias negativas. Hoxe en día, citando a Ingrid Guardiola, o predomínio do visual sobre outros sentidos, e a transformación do concepto de intimidade están a influír en como percibimos o amor, o

sexo e o desexo.

A editorial Milenio leva anos construíndo unha colección de literatura infantil e xuvenil verdadeiramente atractiva cunha liña de títulos como é a de Nandibú Horizontes que conta con libros que deberían estar nas bibliotecas de secundaria de moitos centros escolares. Agora abordan o ensaio, un xénero que non é de lectura común nos institutos. Este é


un libro que pode suplir estas carencias na lecturas de obras de pensamento nos centros educativos, xa que a súa lectura é moi recomendable tanto para bacharelato como para algún curso de secundaria. Ademais, a completa guía didáctica que ofrece esta obra facilitará o traballo do profesorado na aula.



Dietética Digital

Enderezo: <https://dieteticadigital.net/presentacion/>

[Consulta realizada o 27/05/2020]



Nestes tempos nos que a realidade nos impón un profundo cambio social, a competencia dixital é un valor aínda máis en alza. O noso ecosistema é cada vez máis virtual e aínda que neste contexto adoitamos poñer a énfase nos aspectos técnicos e funcionais (APPS, ferramentas, recursos para producir contidos multimedia con formato profesional...), parece indiscutible que a virtualización presenta outras implicacións de grande calado. O concepto de “Cidadanía dixital” vai moito máis alá do meramente instrumental profundando en aspectos psicolóxicos e sociolóxicos moi relevantes e imprescindibles para comprender a nosa nova realidade e vivila conscientemente. Como se transformaron as relacións

humanas? Como nos fabricamos a nós mesmos nas redes sociais? Ata onde temos que chegar para encaixar? Que límites existen entre o público e o privado? Como coidamos a nosa identidade dixital? Onde e como nos informamos? Sabemos xestionar a era da “postverdade” na que nos atopamos?

Co obxectivo de analizar e dar resposta a estas e outras cuestións, o equipo de investigación liderado polo profesor Víctor Sampedro, catedrático da Universidade Rey Juan Carlos proponnos un conxunto de materiais adecuados tanto para traballar con alumnado a partir de Educación Secundaria, como para incentivar a reflexión entre o profesorado. Organizada como un recetario de cociña, a través dos

distintos menús ofrecidos “Dietética dixital” proporciona recursos dixitais (vídeos, imaxes, cancións...) que contextualizan temas diversos (realities, timos piramidais, pornografía, noticias falsas ...) xunto con orientacións para a análise e o debate. Incorpóranse ademais documentos moi atractivos como material de ampliación.

En definitiva, presentámosvos unha proposta moi recomendable para docentes comprometidos coa formación integral do alumnado, ou simplemente para persoas interesadas en comprender mellor as correntes sociais nas que temos que nadar.



BOletín
XUÑO 2020

 **CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Celina Santamaría
Asesoría TIC




Espazo educativo que pretende contribuir ao cambio metodolóxico nas aulas a través das TIC e as metodoloxías activas. Diríxese a toda a comunidade educativa. Contén análises, novas, recursos, experiencias, entrevistas, etc. Editase en papel e en formato dixital, ademais ten perfís en redes sociais (Facebook, Twitter, Pinterest, Google + e Youtube) e tamén un newsletter informativo.

Abarca todas as etapas educativas, e destaca a súa implicación na Educación Inclusiva. Aborda competencias clave como: Aprender a aprender, alfabetización dixital, comunicación lingüística, sentido de iniciativa e espírito emprendedor.



Educación 3.0. Líder informativo en innovación educativa

Enderezo: <https://www.educaciontrespuntocero.com/noticias/>
[Consulta realizada o 02/04/2020]



Gran historia visual de la filosofía

Tanaka, Masato; Saito, Tetsuya

Barcelona: Blackie Books, 2020

ISBN: 978-84-17552-76-3 • 353 páxs.

Este libro ordénase como unha guía básica con gráficos e ilustracións que de xeito esquemático, preciso e asumible axudan o lector a comprender ideas e personaxes claves da historia do pensamento occidental.

O libro está estruturado en cinco capítulos que corresponden ás diferentes épocas da historia do pensamento (Antigüidade clásica, Idade Media, Idade Premoderna, Idade Moderna e Idade Contemporánea) dende Tales de Mileto ata os nosos días. Os autores deste manual establecen unha cronoloxía da historia da Filosofía. Cada capítulo consta de tres partes: unha cronoloxía xeral

desa etapa, un perfil dos diferentes pensadores, e unha presentación dos principais conceptos tratados polos pensadores.

Todos os capítulos ábreanse cun gráfico moi visual no que se esmíuza a cronoloxía da época e no que se inclúen aos filósofos máis representativos desa etapa, o movemento filosófico no que se inscriben, e os acontecementos históricos máis importantes do período en cuestión. Tamén se indica as páxinas onde se poden atopar conceptos filosóficos relacionados coa obra deses autores.

Deseguido, atopamos o perfil do pensador que inclúe unha

característica peculiar do filósofo en cuestión, unha biografía básica, os seus textos máis importantes, unha frase representativa da súa filosofía cunha explicación, as páxinas do libro onde podemos atopar os conceptos clave tratados polo autor, e unha ilustración do personaxe.

Ao remate de cada capítulo aparecen conceptos claves do pensamento filosófico. Este apartado ofrece unha explicación básica do concepto, unha breve información suplementaria que axuda a comprendelo, outros termos filosóficos relacionados co concepto presentado, e un retrato do personaxe vinculado a ese concepto.



Esta obra, que hai que entender como un manual introdutorio da historia da filosofía, destaca pola súa coidadísima edición, trazo característico dos libros editados por esta editorial, pola claridade expositiva dos seus esquemas, e por unhas esclarecedoras ilustracións que nos serven de utilísimo apoio no percorrido por tantas doutrinas filosóficas non sempre fáciles de entender. Este manual conségueo dun xeito eficaz grazas, tamén, a uns divertidos debuxos que axilizan a narración, facéndoa máis amable e comprensible.



BOletín
XUÑO 2020

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Javier Pintor
Asesoría lingüística e social

Mientras pasábamos

Enderezo: <https://mientraspasabamos.blogspot.com/>

[Consulta realizada o 04/06/2020]

O autor deste blog, Antonio Sanz é inspector de educación na Provincia de Badajoz. O seu blog é un referente en temas de educación nesta comunidade, e unha ferramenta imprescindible para moitos docentes.

Este blog ofrece propostas e modelos para mellorar os procesos de ensino que se desenvolven na aula e no centro educativo, ademais de información relevante para entender cuestións clave en educación. A bitácora está dividida en catro grandes bloques, cada un deles máis interesante.

O apartado de **Opinión** recolle artigos nos que se reflexiona sobre temas de candente actualidade académica. O seguinte apartado, **PGA de Centro**, inclúe unha proposta concreta para elaborar unha programación xeral de aula distinta. Tamén nos amosa un sistema de referencias para mellorar un centro, un modelo de PGA para infantil e primaria e outro para secundaria, e unha listaxe de centros que comparten a súa programación xeral anual.

No apartado “**Programaciones**” podemos atopar modelos de programación para os diferentes

cursos de educación infantil e primaria, algunhas compartidas por centros concretos, programacións para ESO e Bacharelato por materias, programacións para diferentes ciclos de formación profesional, e programacións para educación de persoas adultas en diferentes niveis.

Tamén resulta moi útil o apartado dedicado á Atención á diversidade, xa que ofrece modelos de avaliación inicial e adaptacións curriculares que se poden descargar facilmente e simplifican o traballo de aula.

O blog *Mientras pasábamos* ofrece recursos ao profesorado que o axudan no seu labor de programar, reflexionar e xestionar a súa *praxis* diaria. Os documentos aos que se pode acceder, moito deles en formato Excell, facilitan o labor de programación, avaliación e a organización do traballo cotián. Un traballo encomiable o desenvolvido por Antonio Sanz neste espazo, e moi loable a súa actitude para que se poida acceder ao mesmo de xeito libre.




BOletín
XUÑO 2020

CFR
A CORUÑA


centro de
formación e recursos



Javier Pintor
Asesoría lingüística e social



Este é
o inicio do camiño,
necesitamos
a túa ***participación***



- Consulta as **novidades** na nosa biblioteca
- Participa nas nosas **sesións de lectura**
- Envia as túas **recensións** sobre novidades editoriais educativas

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna.bibliotecas@edu.xunta.es



[cfracoruna](#)



[@cfracoruna](#)



[cfracoruna](#)